

NOME: DATA:.....

O HOMIÑO DE MAZAPÁN

Un velliño e unha velliña vivían nunha viliña. Como se atopaban moi sós, a velliña cocou un boneco de mazapán para que lles fixesese compañía. Pero cando o sacou do forno, o boneco ergueuse e marchou correndo, berrando:

-Xa podedes correr, xa! Non me podedes atrapar, porque son o homiño de mazapán.

O boneco corría polas rúas da vila e un home, ao velo pasar por unha avenida, díxolle:

-Detente, gustaríame comerte!

-Seguro que che gustaría comerme, pero non o farás!
Escapeille a un velliño e a unha velliña, e ti tampouco me atraparás porque son o homiño de mazapán.

Despois pasou por unha praza onde había un grupo de rapaces que xogaban.

-Detente -pedíronlle-, serás a nosa merenda!

-Escapeille a un velliño, a unha velliña e a un home, e vós tampouco me daredes atrapado, porque son o homiño de mazapán!



O boneco saíu da vila e pensou que, realmente, ninguén o atraparía nunca. E, moi confiado, chegou á ribeira dun río. Alí había un raposo que o observaba e díxolle de xeito moi amable:

-Se te sentas na punta do meu rabo, levareite a outra banda.

Cando entraron na auga, o raposo dixo:

-No rabo pésasme moito, ponte no lombo.

Cando xa se atopaban a medio camiño, dixo:

-Ai, máncasme! Póusate na miña cabeza.

Cando xa se atopaban a punto de chegar ao outro lado, o raposo volveu falar:

-Póusate no meu focinho e prepárate para saltar.

Cando o homiño se colocou alí, o raposo abriu a boca e cravoulle o dente. E así, cun par de dentadas, comeu o homiño de mazapán enteiro e toda a súa confianza.

CONTO POPULAR

1. Subliña as respostas correctas.

- Por que a velliña fixo un homiño de mazapán?

Porque era moi larpeira.

Para que lles fixesese compañía.

- Por que a xente que atopaba o homiño lle dicía que se detivese?

Porque querían facerse amigos del.

Porque o querían comer.

2. Ordena con números.

- A velliña coce o homiño.
- O homiño atopa un raposo
- O homiño foxe dun home.
- O homiño foxe duns rapaces.


3. Escribe onde corresponda.

lombo


rabo

fociño


cabeza




O homiño está no



O homiño está na



O homiño está no



O homiño está no

4. Completa. Que pasa ao final?

O raposo

5. Observa esta rapaza e marca.



- É alta É baixa
- É morena É loura
- Ten o cabelo longo
- Ten o cabelo curto
- Está contenta
- Está enfadada

6. Completa co que marcaches , en orde.

A miña amiga Ana é moi

.

Tamén é

 e ten

.

Gústame porque sempre

.

7. Forma parelles e escribe.

- | | | | | | |
|------|-----|------|------|--------|--------|
| galo | boi | egua | vaca | cabalo | galiña |
|------|-----|------|------|--------|--------|



0

 e a



0

 e a



0

 e a
